



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es


Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data oito de xullo de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<



Decreto: 234 / 2014

Data decreto: 08/07/2014

Descrición decreto: Nomeamento socorrista a xornada completa cooperación 2014.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun socorrista como persoal laboral temporal a xornada completa, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 209/2014, que consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 08/07/2014.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a Alfonso Felix Novo Sanda con DNI 46909006T.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polo interesado de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 09/07/2014.

Boimorto oito de xullo de dous mil catorce

A Alcaldesa



Perante min:
A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 8 de xullo de 2014

Vº Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- Ana Ledo Fernandez

